

BASES DA CONVOCATORIA DE PREMIOS Á INNOVACIÓN EN ALIMENTACIÓN SAUDABLE NA INDUSTRIA LÁCTEA

INTRODUCCIÓN:

A insuficiente relación entre as aulas e a empresa é unha das críticas máis recorrentes, tanto entre os alumnos das titulacións universitarias como por parte dos empresarios. Para paliar esta desconexión no sector alimentario nace a **Factoría de Ideas JILTA** promovida pola **Escola Politécnica Superior de Lugo** pertencente á **Universidade de Santiago de Compostela (USC)**, en colaboración coa Corporación **Alimentaria Peñasanta, S.A.**

Corporación Alimentaria Peñasanta, S.A e a súa insignia **LARSA** mostraron dende sempre unha importante vinculación co sector lácteo galego e coa innovación sectorial

Ambas as institucións, CAPSA e a USC, poñen en marcha a creación dos premios de innovación de novos produtos lácteos que recoñezan propostas aplicables na contorna da sociedade CAPSA. A promoción rexerese polas seguintes bases:

PRIMEIRA. - Finalidade: A través de ditos premios preténdese, como fin último, premiar aquelas propostas que promovan a saúde a través da nutrición e hábitos de vida saudables.

SEGUNDA. - Ámbito e duración. - A convocatoria terá ámbito nacional, incluídas as illas, Ceuta e Melilla e desenvolverase no ámbito territorial de Galicia, **dende o 11 de abril de 2017 ata o 30 de xuño de 2018**, ambos incluídos.

TERCEIRA.- Participantes.: Poderán participar na promoción as persoas xurídicas e físicas interesadas: estudantes universitarios, licenciados, novos, emprendedores, sociedades mercantís, etc.

Cando o participante sexa alumno das materias/titulacións relacionadas co sector lácteo, a súa participación na primeira e segunda fase do concurso, poderá levar aparellada a concesión dun crédito* de libre elección por cada fase.

Cada concursante(s) poderá presentar cantos proxectos desexe para a primeira selección de ideas, sempre que estes reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases.

Límites á participación: Non poderán participar os empregados de calquera das sociedades pertencentes ao grupo Central Leiteira Asturiana - Larsa -

Corporación Alimentaria Peñasanta, nin empresas que traballen na actualidade para calquera das empresas do grupo.

CUARTA.- Forma de participación.- A selección dos mellores proxectos articularase en tres fases, unha vez feita a inscrición.

Prazo de inscrición: Dende o 2 de maio ao 2 de xullo de 2017, ambos incluídos.

1.ª FASE: Os inscritos en prazo deberán asistir a unha **xornada inicial**, que se desenvolverá no mes de setembro, na que se presentará unha visión de conxunto sobre o mercado lácteo impartido por técnicos das empresas e por profesorado da Escola Politécnica Superior.

Deberán presentarse en grupos, formados por un máximo de tres persoas e terán que cubrir o formulario que se estableza para tal fin. Os participantes que non poidan formar equipo en primeira instancia (por non alcanzar un mínimo de tres persoas) terán a opción durante a xornada inicial, de formalo con outros participantes que non se integraron nun equipo ou cando este se atope incompleto.

A partir da presentación, os participantes **terán un prazo de 15 días** para presentar unha breve proposta inicial (máximo de dúas páxinas) da orientación do produto ou servizo, que será avaliada por unha comisión mixta universidade-empresa.

Das propostas recibidas **seleccionaranse 10 proxectos** para a **seguinte fase**.

2.ª FASE: Esta fase consistirá na concreción conceptual da innovación, coa definición de aspectos como:

- Mercado:
 - o Análise
 - Necesidades básicas.
 - Situación social, emoción, identidade, interacción social, honestidade, recoñecemento, simplicidade, transparencia.
 - Os condutores do cambio, os cambios desencadeantes.
 - Tecnoloxías específicas, crise económica, alegacións nutricionais.
 - Expectativas emerxentes do consumidor.
 - Novas necesidades do consumidor, brechas entre expectativas e oferta.
 - Inspiración, modelos de negocio similares.
 - Combinación de modelos existentes, enumeración de empresas existentes noutros sectores.
 - o Aplicación.

- Potencial de innovación.
 - Visión, modelo de negocio, produto ou servizo, campaña.
 - Público obxectivo
 - Trazos comúns dos consumidores que aceptan incorrer en certos riscos probando novos produtos ou servizos.
 - Os consumidores que seguen a tendencia.
 - Cando, como e onde se espera que se realice o consumo.
- O produto:
- Orixe da idea.
 - Causa e efecto.
 - Aproximación ao produto ou tecnoloxía.
 - Características básicas e tecnoloxías necesarias.
 - Idoneidade da empresa.
 - Por gama ou por tecnoloxía.
 - Franxa de prezos de venda ao público.
 - Comparativa con produtos afíns.
 - Nome do produto.

Esta fase coincidirá co primeiro cuadrimestre (que finaliza en decembro de 2017), ao final da cal os candidatos deberán presentar unha curta memoria e realizar unha presentación ante os membros do xurado designado para tal fin. Neste proceso seleccionaranse cinco proxectos e un ficará de reserva.

3.ª FASE: Que constará dunha visita ás instalacións industriais, designación dun segundo titor da empresa e elaboración dun prototipo de media fidelidade, que permita visualizar con maior precisión o produto ou servizo en desenvolvemento. Esta fase desenvolverase no segundo cuadrimestre académico (que finaliza en maio de 2018).

A total concreción dos produtos, os prototipos, xunto coa metodoloxía utilizada no desenvolvemento, serán avaliados pola empresa.

QUINTA.- Premios.- Os 3 proxectos mellor valorados por un xurado conformado para tal fin optarán aos seguintes premios:

1.ª CATEGORÍA: Dotado con 5.000 euros.

2.ª CATEGORÍA: Dotado con 3.000 euros.

3.ª CATEGORÍA: Dotado con 1.000 euros.

Os anteriores establécense sen prexuízo do disposto na Base Novena, Apartado a).

SEXTA: Xurado.- Os proxectos serán valorados por un Xurado integrado polos seguintes directores e responsables da entidade organizadora:

- Director Xeral
- Director de Mercadotecnia e I+D+I
- Directora Comercial Gran Consumo e MDD
- Director de I+D+I
- Responsable de Innovación
- Dous profesores da USC

O Xurado valorará cada Proxecto en atención aos seguintes criterios:

- Orixinalidade
- Viabilidade
- Grao de innovación da proposta.
- Contribución do proxecto á mellora da saúde e hábitos de vida.
- Relación do proxecto cos valores e produtos da entidade promotora.
- Diferenciación con respecto ao existente no mercado.

O fallo dos premios darase a coñecer o 1 xullo de 2018 e comunicaráselles aos gañadores mediante comunicación escrita e mediante anuncio nos medios de comunicación.

Se o Xurado o considera oportuno, o premio de calquera das categorías poderá declararse deserto, mesmo por entender que os traballos presentados non alcanzan o nivel adecuado, e, se así o considera oportuno, poderá levar a cabo unha nova convocatoria ou novas bases, á que poderán presentarse novos deseños.

Así mesmo, o Xurado poderá excluír da convocatoria aqueles proxectos que, ao seu criterio, non cumpran os requisitos establecidos nestas Bases, decisión que será inapelable.

No caso de que, unha vez fallados os proxectos gañadores, se comprobouse que estes, ou os datos do seu autor, incumpren algunha das bases da convocatoria, o Xurado poderá anular o premio, resultando gañador -se así o decide- o seguinte máis votado que cumpra con todos os requisitos.

SÉTIMA. - Autorizacións: Os participantes autorizan á entidade promotora á reprodución, distribución en calquera medio, soporte ou formato, e comunicación pública das ideas e proxectos presentados.

Así mesmo, a participación nesta convocatoria implicará a autorización de todos os participantes a divulgar as ideas e proxectos en calquera das canles ou medios de comunicación e/ou difusión que a entidade organizadora considere oportuno.

OITAVA.- Responsabilidades: Os participantes serán os únicos responsables da veracidade dos datos contidos nos seus proxectos, orixinalidade e autoría destes, na súa totalidade ou diversas partes, podendo ser descualificados en caso de incumprimento destes requisitos.

En consecuencia, libérase á entidade organizadora de toda responsabilidade derivada do incumprimento de calquera norma ou infracción de dereitos de terceiros por parte dos participantes, asumindo estes a obrigaón de manter indemne á entidade organizadora de toda reclamación, dano ou prexuízo derivado do proxecto presentado.

NOVENA.- Propiedade Intelectual e Industrial e posible execución dos proxectos gañadores: Dependendo de que a entidade organizadora da convocatoria leve a efecto, ou non, calquera dos proxectos seleccionados, dispónse:

- a) Se a sociedade promotora (CAPSA) decide executar algún dos proxectos gañadores, aquela abonará ao seu autor, durante un prazo de 3 anos, a cantidade anual correspondente ao 20 % dos beneficios xerados polo produto, en concepto de prezo xusto pola cesión de todos os seus dereitos sobre o proxecto.

Máis concretamente, os gañadores cederánlle durante o prazo establecido no artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, á entidade organizadora todos os dereitos en relación co Proxecto ou Proxectos susceptibles de ser postos en produción.

En consecuencia, a entidade organizadora pasará a ser a propietaria de todos os dereitos de propiedade industrial e intelectual que puidesen corresponderlle en relación co proxecto e a súa denominación, o seu “copyright” e calquera outros que lle puidesen corresponder.

Da mesma forma, tamén cede os dereitos de manipulación, edición, exposición e reprodución e, en xeral, todos os dereitos patrimoniais de explotación do proxecto premiado.

A entidade organizadora terá absoluta liberdade para utilizar os proxectos gañadores total ou parcialmente ou para modificalos ou adaptalos no momento e forma que estime oportuno.

- b) Se a entidade organizadora non expresase o seu interese por calquera dos proxectos gañadores nin estes entrasen en produción nos 3 anos posteriores á convocatoria, o proxecto quedará liberado.

Se existise interese por unha terceira empresa para a súa explotación, o interesado deberá comunicarllo á empresa organizadora e esta terá dereito de retracto sobre a nova oferta.

DÉCIMA.- Protección de Datos de Carácter Persoal: De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, a entidade organizadora desta convocatoria de premios informa de que os datos facilitados polos participantes serán incorporados a un ficheiro da súa titularidade, debidamente rexistrado ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Os participantes autorizan á entidade organizadora ao tratamento dos seus datos persoais coa fin de xestionar a presente Convocatoria de Premios. Así mesmo, mediante a participación nel, consenten expresamente o envío de información, tanto por vía electrónica como non electrónica, sobre produtos e servizos relacionados coa entidade organizadora e as súas sociedades filiais.

O titular dos datos poderá exercer os seus dereitos de oposición, acceso, rectificación ou cancelación dirixíndose por correo postal a CORPORACIÓN ALIMENTARIA PEÑASANTA, S.A, Dpto. de Innovación, con domicilio en Sierra de Granda, s/n, Siero-Asturias, titular do ficheiro, ou mediante correo electrónico á dirección mreinerio.fernandez@capsa.es, achegando en ambos os casos fotocopia do DNI, facendo constar como referencia “dereitos ARCO” e precisando: dereito que se exercita; dato ao que afecta e solicitude concreta.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Documentación: As bases desta convocatoria estarán dispoñibles para a súa descarga na seguinte ligazón www.leitelarsa.es. Ademais, estas serán protocolizadas ante notario.

DÉCIMO SEGUNDA.- Aceptación de Bases e modificación da Convocatoria: A participación na presente convocatoria presupón a lectura íntegra das súas bases e a súa aceptación. O Xurado ten a facultade de interpretarlas e de

suplir calquera lagoa ou baleiro de acordo coa súa finalidade, así como a facultade de resolver calquera caso non previsto en relación coa Convocatoria e con estas Bases.

As entidades organizadoras resérvanse o dereito a efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta convocatoria de premios, sempre que exista causa legal ou de forza maior que o xustifique; o que fará saber de forma efectiva o máis axiña posible.

DÉCIMO TERCEIRA.- Tratamento fiscal. Os premios obxecto de promoción atópanse suxeitos a retención, razón polo que CAPSA realizará na Axencia Tributaria o preceptivo ingreso a conta do IRPF, cuxo importe ascende ao 19% do valor do premio en metálico (art. 101.7 e D.A. Trixésimo quinta da Lei 35/2006 do 28 de novembro, de IRPF, e art. 99.1 e 105 do Regulamento RIRPF, RD 439/2007 do 30 de marzo).

* En tramitación.